

QUÉ PODO FACER?

CHAMAR AO:

016

016 (Non deixa rastro na factura)

600 000 016 (WhatsApp)

016-online@igualdade.gob.es

www.igualdade.gob.es

O 016 funciona as 24 horas durante os 365 días do ano.

AO TEU LADO CONTAS CON:

Centro de Información á Muller (CIM)

Servizos Sociais



TAMÉN PODES CONTACTAR

- 112 Emerxencias
- 091 Policía Nacional
- 062 Garda Civil



BÓTALLE UN OLLO!



ONDE TE VES?



qué é a violencia machista:

É un problema que afecta a toda a sociedade, non é un problema que afecte ao ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nósa sociedade. Trátase dunha violencia exercida sobre as mulleres polo feito de selo, por ser consideradas polos seus agresores carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

POR QUÉ

é tan importante a túa resposta?

- **Porque a violencia machista non é un asunto privado**, senón un problema que afecta e implica a toda a sociedade.
- **Porque é un problema social de primeira orde**, é unha vulneración de dereitos humanos, e como tal, un delito que se persegue de oficio polos operadores policiais e xurídicos, aínda sen existir denuncia da persoa agraviada.
- **Porque como sociedade non podemos tolerar ningún tipo de violencia**. Non importa en que esfera da vida acontece.
- **Porque te necesitamos**. Ante a violencia machista non mires para outro lado.

ALGÚNS TIPOS DE VIOLENCIA MACHISTA

VIOLENCIA FÍSICA

Consiste en causar ou tentar causar dano á muller empregando calquera tipo de forza física directa, como obrigar a consumir alcol ou drogas, empuxóns, beliscos, tirar do cabelo, golpear, provocar queimaduras...ou agresión indirecta impedindo a atención médica ou provocando danos contra a propiedade material.

VIOLENCIA SEXUAL

Calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito, público ou privado, incluíndo o ámbito dixital. Pode ser a través da forza física, do uso de drogas, da presión e manipulación emocional ou da indiferenza ante os desexos e preferencias expresadas.

VIOLENCIA ECONÓMICA

Consiste en provocar a dependencia financeira mantendo un control total sobre os seus recursos materiais, impedíndolle acceder a eles e prohibíndolle traballar ou estudar, perpetuando o poder e o control económico.

VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Consiste en provocar un malestar que limita a capacidade de decisión. Pode ter distintas variantes, como a emocional, que consiste en minar a autoestima dunha persoa a través de críticas constantes, de infravalorar as súas capacidades, de desprezos, de insultos...ou o medo a través da intimidación, das ameazas con causar dano físico a unha persoa querida ou a un animal, con destruír os seus bens, do illamento social a través do control sobre as relacións de familia, amizade, laborais ...

VIOLENCIA DIXITAL

Trátase dunha forma de violencia de xénero que se exerce a través das tecnoloxías dixitais, das redes sociais e de Internet. Entre elas, o ciberacoso é unha das máis características. Supón unha forma de limitación da liberdade que xera dominación e relacións desiguais entre homes e mulleres que teñen ou tiveron unha relación afectiva. Supón tamén unha dominación sobre a vítima mediante estratexias humillantes que afectan á privacidade e intimidade, ademais do dano que supón á súa imaxe pública.

VIOLENCIA VICARIA

Trátase dunha forma de violencia que exercen os agresores contra os fillas e fillos da muller co único obxectivo de facerlle dano á ela. A súa utilización é unha das formas máis extremas de violencia machista. Trátase dunha violencia estendida e oculta que pode rematar co seu asasinato.